

Expediente IET: P-21-060
Proxecto: Parque eólico Rodicio II
Concellos: Maceda e Montederramo (Ourense)
Promotor: Greenalia Wind Power, S.L.U.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 14/03/2022 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto de parque eólico Rodicio II.

1. Antecedentes:

Con data do 11/03/2021 o IET emitiu un informe de impacto e integración paisaxística, de acordo co previsto no artigo 11.3 da Lei 7/2008. Nese informe indicábase que o estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) elaborado non se axustaba completamente ao disposto na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e ao Regulamento da Lei 7/2008, polo que este debería ser completado segundo o indicado no artigo 11.2.d da Lei 7/2008 e no artigo 27.d do RLPPG.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

A documentación achegada pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais consiste nun novo EIIP (abril 2021, asdo 09/03/2022) que incorpora a maiores un apartado de medidas correctoras e outro apartado de xustificación da incorporación ao proxecto dos obxectivos de calidade paisaxística e das directrices de paisaxe.

Non se produce ningún cambio no deseño das instalacións do parque, polo que os seus efectos sobre a paisaxe serán os que xa se valoraron no anterior informe.



En canto ás medidas preventivas e correctoras previstas no EIIP, tal e como xa se indicou no anterior informe, poden considerarse, en xeral, adecuadas para reducir ou mitigar os impactos sobre a paisaxe.

6. Conclusión:

Estes contidos veñen a completar o EIIP do proxecto polo que pode considerarse cumprimentado o disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aeroxeradores, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará no tempo durante o período de explotación do parque, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Esta incidencia visual, aínda que non pode ser mitigada con medidas correctoras, non supón un impacto crítico.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

